



Agrupación Cultural O Facho
G-15037021
Apartado de Correos nº 46 O.P.
Coruña
Correo: ofacho@ofacho.com

CONCURSO NACIONAL DE “CONTOS DE NENOS PARA NENOS” CONVOCADO POLA AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO , CONVOCATORIA 2023

Recuperados en 2008 os premios literarios que desde os anos sesenta convocou O FACHO e nos que participaron ou gañaron moitos dos escritores e escritoras que hoxe fan posíbel con a súa obra unha literatura galega de calidade e de grande importancia nas letras universais, realizase a convocatoria para 2023 do Concurso Literario de “Contos de Nenos para Nenos”

BASES DO CONCURSO

PRIMEIRA: PARTICIPANTES:

1. Poderán participar rapaces e raparigas que presenten as súas obras en Lingua galega en calquera das tres normas ortográficas (RAG, Eo-Naviego, Reintegrado, Lusófona).

CATEGORÍA A: Nenos e nenas de 9 a 12 anos

CATEGORÍA B: Rapaces e raparigas de 13 a 16 anos

2. Os traballos presentados deberán ser:
 - orixinais e inéditos en toda a súa extensión
 - non teren sido premiados en calquera outro concurso ou certame literario e
 - os seus dereitos de publicación podan ser cedidos à Asociación Cultural O FACHO por período de cinco anos contados a partir do día do fallo do xurado.
3. A participación neste Concurso implica a aceptación das presentes bases.

SEGUNDA: PREMIOS

1. En cada categoría existirán dous premios en metálico coa seguinte dotación económica:

	CATEGORÍA A	CATEGORÍA B
1º PREMIO	500 €	500 €
2º PREMIO	300 €	300 €

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DOS CONTOS:

1. Poderá facerse individualmente ou por medio do centro onde curse os seus estudos, por:
 - a) Correo electrónico: ofacho@ofacho.com
 - b) Correo postal dirixido à: Asociación Cultural O FACHO, Apartado de Correos n.º 46, Oficina Principal
2. No caso en que sexan os centros escolares os que presenten os orixinais ao Concurso, deberán facer unha pre-selección dun máximo de dous traballos por categoría, calquera outro terá que ser presentado individualmente.
3. Cada autor só poderá presentar unha obra atendo-se aos seguintes límites de extensión:
Categoría A: Un máximo de cinco folios
Categoría B: Un máximo de dez folios
4. As obras haberen de se presentar por **triplicado**, manuscritas ou mediante editores de texto, encadernadas ou grampadas e levarán por detrás do último folio os seguintes datos:
Nome e apelidos do autor/a.
Enderezo e telefone. Correo electrónico.
Centro onde cursa os seus estudos.
Categoría na que participa.

CUARTA: XURADO

1. Os premios serán escollidos por un xurado designado pola Asociación Cultural O Facho
2. Para alén da orixinalidade literaria, o xurado valorará a riqueza lingüística e o coñecemento gramatical reflectido nas obras.
3. O xurado poderá declarar deserto un ou varios dos premios do concurso e será o que deberá resolver aquelas situacións que se presenten e que non estean contempladas nestas bases, así como as dúbidas na súa interpretación.
4. O fallo do Xurado publicarase no mes de Maio.

QUINTA: PRAZO DE ADMISIÓN

1. prazo de admisión de orixinais **finaliza o día 16 de Abril do 2023 ás doce da noite.**

Coruña, 10 de febreiro de 2023